



Concello de Monterroso

BASES DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR-COORDINADOR DE DEPORTES DO CONCELLO DE MONTERROSO

1.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

É obxecto da presente convocatoria a cobertura dunha praza de TÉCNICO SUPERIOR DE DEPORTES como persoal laboral temporal a xornada completa, mediante concurso-oposición, a través de oferta xenérica entre os inscritos na oficina público de emprego de Chantada e mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A modalidade do contrato é de duración determinada regulada polo art.12 e 15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. A duración do contrato por obra ou servizo determinado ata a finalización do mesmo, a partires da súa formalización, por un período máximo de tres anos. A retribución bruta mensual será de 1.750 euros brutos en doce pagas.

As funcións da praza son as seguintes: responsable do servizo municipal de deportes, responsable da xestión e coordinación do complexo deportivo formado por piscinas, polideportivo e pistas de padel e o resto de instalacións deportivas do Concello, a xestión e coordinación das escolas deportivas do Concello así como calquera outra propia da categoría de técnico de deportes: monitor deportivo, socorrista, preparador físico, etc.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril de Emprego Público de Galicia, no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

2.- REQUISITOS E TITULACIÓN

Serán requisitos imprescindibles:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveza o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión das seguintes titulacións e requisitos específicos:

Estar en posesión do título de Licenciado en Ciencias da Educación Física e o Deporte e a titulación para o exercicio profesional de socorrismo acuático para exercer na Comunidade Autónoma de Galicia sendo necesario a súa inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, por entender que gardan relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 EBEP).

g) Posuír o certificado de celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou obter a calificación de apto no terceiro exercicio.

h) Estar en posesión do permiso de conducir B e posuír vehículo propio.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

3. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

O Concello de Monterroso solicitará o traballador ou a traballadora que se necesita mediante a presentación de oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Chantada no modelo normalizado para o efecto e ademáis farase publicación no Boletín Oficial da Provincia

Unha vez que a oficina de emprego remita a relación de candidatos que se axustan ao perfil, avisarase polo responsable do expediente (debendo quedar debidamente acreditado) a todos os candidatos propostos para que comparezan nas oficinas municipais para recoller as bases.

Todos os candidatos que desexen tomar parte do proceso selectivo deberán dirixir as solicitudes ao Sr. Alcalde, e estas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monterroso no prazo de 7 días hábiles (cuxo modelo se adxunta no Anexo I)



Concello de Monterroso

contados desde o día seguinte a aquel no que se publique o anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Para o suposto de non presentar a instancia de solicitude no Rexistro Xeral da Corporación e optar polos comprendidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, os aspirantes deberán enviar copia da solicitude, debidamente rexistrada por fax ao concello no prazo de presentación de instancias ao fax número 982377617.

No caso de non presentar a instancia de solicitude coa documentación obrigatoria no prazo establecido para elo, entenderase que o candidato non está interesado no posto ofertado.

As instancias xuntaranse copias compulsadas dos documentos que acrediten os méritos que se aducen, así como do D.N.I., declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, titulacións a cal da acceso a convocatoria, certificado de celga 4, equivalente ou superior, carnet de conducir e coche propio.

4.- PROCESO DE SELECCIÓN

Será o concurso-oposición libre e constará de dúas fases:

A) Fase de concurso

Ata un máximo de 8 puntos

Consistirá na calificación dos méritos incluídos no baremo que se expoñerá a continuación e debidamente acreditados polos aspirantes mediante orixinais ou copias compulsadas no momento de presentación de instancias.

Unicamente se valorarán os méritos obtidos antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Serán méritos valorables os seguintes:

A selección farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

I Por experiencia profesional. Máximo 4 puntos

a) Por ter desempeñado na Administración Pública, asociación sen ánimo de lucro, empresa ou entidade privada o mesmo posto de traballo ou similar ó que aspira: 0'10 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado na Administración Pública, asociación sen ánimo de lucro, empresa ou entidade privada, tarefas de preparador físico, coordinador deportivo, entrenador, profesor en actividades formativas, monitor deportivo ou socorrista: 0,07 puntos/mes

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

Acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral

II. Formación previa. Máximo 4 puntos.

a) Títulos académicos, máximo 3 puntos.

Por cada título de doutor en ciencias da actividade física e do deporte1 punto

Por cada máster universitario relacionado coa actividades físico e deportiva 1 punto.

Por cada maestría en ciencias do deporte e alto rendemento en distintas especialidades deportivas fóra do currículum da titulación esixida.....0,50 puntos

Por estar en posesión do Master en Formación do profesorado ou Curso de aptitude pedagóxica1,00 puntos

Por título de entrenador nacional, máximo nivel, expedido por Escolas Oficiais ou Federacións..... 1 punto.

b) Outra formación, máximo 1 punto.

Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios.

Con duración superior ou igual a 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

A formación acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos títulos ou certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa na que conste o número de horas da formación realizada.

B) Fase de oposición

Ata un máximo de 20 puntos.

Comprenderá dous exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio

Primeiro exercicio.- Constará dunha proba teórica consistente en desenvolver por escrito dez preguntas relacionadas polo tribunal sobre as seguintes materias:

- O municipio e a práctica de actividades físicas
- Instalacións e equipamentos para a práctica deportiva, organización e normas de uso
- O xogo. Teorías e características do mesmo.
- Xogos e deportes tradicionais e populares
- O deporte como fenómeno social e cultural
- A aprendizaxe deportiva no marco municipal.
- Deportes individuais. Aspectos técnicos e tácticas. Orientación para a aprendizaxe.
- Deportes de adversario. Aspectos técnicos e tácticas.
- Deportes colectivos. Aspectos técnicos e tácticas.
- Recreación e tempo libre. Xogos deportivos.
- Igualdade de sexos no tratamento do deporte a nivel municipal.
- O desenvolvemento motor.
- Estrutura do exercicio físico
- Aspectos básicos no desenvolvemento adecuado da condición física.
- Capacidades físicas básicas
- Adaptación do organismo ó esforzo na actividade física
- Sistemas cardio-respiratorio, muscular, nervioso e oseo-articular.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

- Habilidades básicas
- Respiración e relaxación
- Valor e tratamento da actividade física a nivel municipal.
- Organismos oficiais relacionados co deporte
- Infraestruturas deportivas e situación deportiva de Monterroso.
- Relacións laborais e prevención de riscos
- Lexislación en materia deportiva
- Constitución Española e Lei de Procedemento Administrativo Común
- Forma de Xestión dos Servizos Públicos Locais
- Lei de Contratos do Sector Público.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico determinado polo Tribunal relacionado coas tarefas propias do posto a desenvolver.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Proba de galego

Será obrigatoria a superación dun terceiro exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4 equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia. Este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto.

5.- TRIBUNAL SELECCIONADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, será designado pola Alcaldía e estarán constituídos por:

- Presidente
- Secretario
- Vogais
- Asesor, no seu caso.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

As persoas substitutas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno. Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón). O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará -no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as e citarás para a realización do primeiro exercicio. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados. Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

7. BOLSA DE TRABALLO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden



Concello de Monterroso

vacantes, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o presente contrato.

8. RETRIBUCIÓN.

O salario base mensual máis o prorrateo das extras dos traballadores será de 1.750 euros.

9. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Monterroso a 25 de xaneiro de 2016

O Alcalde

Asdo. Jesús Otero Calvo



Concello de Monterroso

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO SUPERIOR – COORDINADOR DE DEPORTES DO CONCELLO DE MONTERROSO.

D. /D^a.

Natural de Provisto de DNI

Con domicilio a efectos de notificación en

Teléfono

Diante de vostede comparezo e expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Monterroso para técnico superior-coordinador de deportes.

Documentación que se adxunta:

	Fotocopia de DNI.
	Copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes
	Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron.
	Copias cotexadas de documentos acreditativos de calquera outro requisito esixido na convocatoria.

.....,, 2016

ASDO.-

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERROSO,

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

Don/a, con domicilio en con DNI n.º, declaro responsablemente, para os efectos de ser nomeado/a no Concello de Monterroso,

- que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade segundo o establecido na lexislación vixente.
- que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible có desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.

Monterroso, de de 2016

Asdo.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617